

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18**

### **SESION EXTRAORDINARIA 22 DE DECEMBRO DE 2014**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, M<sup>a</sup> Olga  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velooso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luis  
Araújo Pereira, Marcos.  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### NON ASISTEN

Beiro Diz, Pablo (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día vinte e dous de decembro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Alvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda,

constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno en sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas, neste salón, constatase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos esta sesión aos efectos dun punto único, “situación que están a vivir as persoas con discapacidade intelectual e as súas familias atendidas na Asociación Galega San Francisco”.

ÚNICO (225).- SITUACIÓN QUE ESTÁN A VIVIR AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, E AS SÚAS FAMILIAS, ATENDIDAS NA ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO (AGASFRA).

PRESIDENCIA: Aos efectos deste Pleno o iniciaremos cunha intervención do representante desa asociación. Ocupe o seu sitio Don Eladio Fernández Pérez, despois teremos intervencións de grupos de cinco minutos. Benvido ao Pleno de novo, iniciamos a sesión, ten cinco minutos para a súa intervención.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Bos días a todos/as, gracias ao Sr. Alcalde por permitirnos volver a expoñerlle á cidadanía de Vigo a situación de San Francisco. Sr. Alcalde, señores concelleiros do Partido Popular, do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista Galego, donas e cabaleiros, por sorpresa dos oito centros que ten a Asociación Galega San Francisco nos tres edificios, o Centro Ocupacional e Residencial San Francisco víronse abocados a un posible peche ao retirar as axudas á Consellería de Traballo e Benestar concedidas para poder dar os servizos que se lle están dando ás persoas con discapacidade intelectual.

Todo comezou coa Lei de contratos do sector público, que faculta o concurso público das prazas de AGASFRA e doutras organizacións equiparando as entidades sen ánimo de lucro e cuxos cargos directivos non son retribuídos con calquera

empresa ou entidade que ten como obxectivo prioritario o interese económico e que se confronta plenamente coas anteriores. O contido da convocatoria do concurso publicouse con aleivosía e premeditación e totalmente dirixido a unha empresa en concreto, sen ter en conta para nada ós propios discapacitados intelectuais, que quedaron totalmente indefensos e privados dos seus dereitos máis elementais, como pode ser a súa libre elección, manter o seu posto de traballo no centro ocupacional a inserción social comunitaria, etc.

Non é de recibo anular a primeira asignación que tiñan estas persoas cunha praza ocupada interrompidamente polo maioría, despois de máis de trinta e oito anos como media no mesmo sitio e na mesma ocupación.

Por outra parte, non se pode permitir baixo ningún concepto o traslado forzoso por non estar contemplada na orde do 16 de abril do ano 2014, pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados e servizos prestados en centros propios ou concertados no ámbito da atención á dependencia e promoción da autonomía persoal, xa co previsto son uns traslados voluntarios ou por cambio de situación que necesita a persoa en situación de dependencia. Os cambios necesariamente teñen que orientarse sempre tendo en conta as necesidades reais da propia persoa, e non é aceptable o criterio puramente económico e administrativo, sempre hai que salvar os principios que se recollen na Lei de dependencia e demais normativa das persoas con discapacidade en situacións concretas, e débese facer tendo en conta as necesidades dos propios atendidos, en concreto, as necesidades físicas, psicolóxicas e sociais, e non á pura conveniencia da administración, que no caso dos usuarios de San Francisco, o concurso público a unhas prazas que xa estaban asignadas a un grupo significativo de persoas dependentes e sen que producira ningún tipo de consulta, nin a necesidade de urxencia como se contempla nas bases do concurso.

Supón para todos eles unha mingua do seu servizo ao obrígalos a desprazarse fora do municipio de Vigo e do seu entorno. Ademais, asígnaselle a un centro que ata hai pouco carecía de tipoloxía e recoñecemento oficial, así como tamén da experiencia do persoal da organización que durante corenta anos aporta San Francisco.

Ten que quedar claro que as familias e os usuarios renuncian á praza asignada en Doral Residencias, polo seu desexo, claro e expreso de continuar coa calidade de

vida que atoparon no Centro San Francisco, pero de ningunha maneira isto supón unha renuncia expresa ó dereito á praza pública de dependencia, esencialmente polo súa condición persoal como de forma velada, Doral Residencias lle comunica aos usuarios de San Francisco.

Por todo isto, suplicamos, apoiados e avalados explicitamente polo Sr. Alcalde e tódolos partidos que integran a Corporación Municipal, que se teña en conta á hora de pronunciarse a Corporación Municipal os seguintes extremos: se respecten sempre os dereitos das persoas con discapacidade intelectual, que se recollen na Lei da dependencia e a declaración da ONU e demais normativas como por exemplo, a súa autonomía persoal, ou seu empoderamento, a súa integración, ou seu destino, o seu goce no seu lugar de habita, ao seu posto de traballo, aos seus dereitos como persoas, que se inclúan cláusulas sociais, como punto número dous, nos pregos do contrato e se modifique a Lei de contratos do Estado e dos servizos sociais de Galicia para que as entidades de iniciativa social se vinculen administrativamente coa administración, a través de contrato social, cumprindo así e adiantándonos á Directiva Europea, se comunique que se continúe e se intensifique a reunión iniciada o pasado venres 19 coa Conselleira de Traballo e Benestar, xa que este encontro foi unha toma de postura para o inicio da continuidade do Centro Ocupacional e Residencial San Francisco, no municipio de Vigo, como quedou claro no manifestado pola señora conselleira, pero hoxe en día a realidade é que non temos nada garantido e temos simplemente unha porta aberta, a cal agradecemos á Conselleira, de diálogo e de futuro se acadamos uns acordos.

Se arbitre por parte da Consellería de Traballo a fórmula administrativa que permita gozar de seguridade e de estabilidade tanto aos usuarios como ao persoal do Centro Ocupacional e Residencial San Francisco.

Cinco se asigne unha contía xusta, equilibrada e igualitaria cando se teñan as mesmas características que se dean nos mesmos servizos, suprimindo así os actuais agravios comparativos económicos entre os mesmos servizos que se dan nas distintas provincias da comunidade autónoma, e nas distintas asociacións dos colectivos sociais, isto permitirá realizar unha carteira de servizos que as persoas con discapacidade, necesitan. Que as mesmas oportunidades, ao fin de garantir a calidade de vida de tódalas persoas con discapacidade intelectual de Galicia, en

igualdade de condicións.

Finalmente, que a suma do copago familiar como así nos di a conselleira, fixada pola administración e o que se engade as libranzas aportadas á familia, a Xunta de Galicia tamén cun compromiso da conselleira, ten que sumarlle unha axuda ao financiamento da administración autonómica que complete o custo real das prazas de cada usuario.

Para rematar, quero agradecer o apoio do Sr. Alcalde de Vigo, que en todo momento estivo ao lado de San Francisco e dos nosos fillos, defendendo sempre os nosos dereitos, aos partidos políticos da Corporación Municipal e que representan no Parlamento, o Bloque Nacionalista Galego, Partido Socialista o Partido Popular, a todos moitas grazas polo apoio e non só o apoio nestes momentos senón que estamos seguros seguiremos contando con ese apoio.

Pero si quero facer un agradecemento especial porque así o considero e porque así estou convencido que o Sr. Xosé Manuel Figueroa, xa que son consciente e coñecedor, que foi unha peza moi importante co seu apoio e coa súa presión política no partido do Goberno da Xunta de Galicia, para que dera comezo esta posibilidade hoxe aberta, que desexamos que garanta o futuro dos nosos fillos en San Francisco e así poder seguir ofrecendo unha plena apertura da organización e as súas instalacións a toda a cidadanía de Vigo como se ven facendo.

Moitas grazas a todos, bo Nadal, e en nome dos nosos fillos, das familias e traballadores de San Francisco, así como de tódolos discapacitados intelectuais e as súas familias de toda Galicia. Moitas grazas.

PRESIDENCIA: Moitas grazas, quenda de grupos.

SRA. VELOSO RÍOS: Moitas grazas ao presidente da asociación que ven hoxe a traer de novo unha situación que está facendo pasar a moitas familias da nosa cidade uns momentos moi difíciles pola incerteza que supón, sobre os servizos necesarios para levar unha vida digna dos seus fillos/as. Realmente nós lamentamos dende o primeiro momento que dende unha administración, como a administración autonómica neste caso, que ten a obriga de garantir os dereitos das persoas e o seu dereito fundamentalmente a unha vida digna, se tomase unha decisión que priorizaba fundamentalmente criterios económicos, de beneficio empresarial e que

provocaba un proceso de contratación dun servizo que non tiña en conta tódolos prexuízos que ía supor para os usuarios/as deste servizo. Estamos falando de consecuencias que non son relativas, senón que son fundamentais para a súa vida, estamos falando de persoas que levaban anos sendo atendidas no Centro San Francisco polos mesmos profesionais, con anos de experiencia, cunha vida encarreirada que supoñía ademais unha certa tranquilidade para os seus pais e nais sobre o seu futuro, tamén cando eles/as faltaran, e que de repente se vía truncada por unha decisión dunha administración que non consideraba relevante que perderan ese servizo, que non consideraba relevante que tiveran que desprazarse fora do seu contorno, que non consideraba relevante e non tiña en conta as consecuencias para a súa vida dunha decisión como esta.

Nós neste Pleno, no Concello de Vigo, xa nos manifestamos, xa apoiamos a solicitude á Xunta de Galicia, de que mantivese o servizo tal e como se estaba prestando ata agora, e tamén no Parlamento Galego presentamos unha iniciativa a través da deputada a Sra. Adán instando á Xunta de Galicia a que mantivese este servizo. Xa no mes de novembro se obtivo, por fin, despois de serias resistencias, todo hai que dicilo, un compromiso por parte da conselleira de chegar a unha negociación conveniada co centro, iso foi o que dixo no Parlamento e esperamos realmente, sinceramente que así sexa, e así llo pedimos á conselleira, que teña en conta prioritariamente na súa xestión, ás necesidades das persoas con discapacidade que estaban sendo atendidas neste centro, que teña en conta as necesidades das familias que precisan deste servizo tal e como estaba funcionando ata agora, para continuar adiante coas súas vidas e que realmente se resolva este conflito, mantendo claramente estas prioridades, porque non vale todo, a austeridade non pode levarse por diante a vida das persoas e non se poden tomar certas decisións con consecuencias tan graves como é esta decisión que se tomou sobre o Centro San Francisco. Tamén lamentamos que dende a administración que ten que coidar e velar pola garantía dos dereitos das persoas, se mantivesen certas actitudes de enfrontamento aos seus propios administrados e esperamos realmente que dende o momento no que se accedeu a chegar a esa negociación conveniada, a buscar unha solución no momento no que se Bota para atrás unha decisión tan dura como suspender un expediente que supón non recibir ningún tipo de ingreso durante dous meses por parte da Asociación, esperamos que todo isto

serva para chegar a unha solución porque está a vida de persoas en xogo, e a responsabilidade dos cargos públicos é asegurar que tódalas persoas poidan ter dereito a unha vida digna e realmente así o esperamos.

Esperamos tamén que a posición do Partido Popular en Vigo realmente serva para cambiar a posición do Partido Popular en Santiago de Compostela, que no Parlamento de Galicia se mostraba sorprendido, descoñecía a posición mantida polo Partido Popular en Vigo no Pleno deste Concello, e esperamos que realmente se chegue a trasladar e a unha solución para que tódalas persoas do Centro San Francisco poidan continuar coa súa vida, en condicións dignas e nas mesmas condicións que ata o de agora.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Creo que é a terceira vez que se trae a este Pleno a situación do centro e a terceira vez que o Pleno toma unha resolución por unanimidade, o último foi no Pleno do 27 de outubro de 2014, onde os tres grupos apoian a moción presentada polo presidente da Asociación San Francisco respecto á situación que estaba tendo o seu centro. Unha preguntase, despois de todo isto, de telo discutido, de asistir tódolos anos ou case todos ás actividades que veñen facendo San Francisco, de ter colaborado coa Asociación San Francisco, 47 anos despois dun centro que empezou a funcionar polo empeño posto polos familiares, cando a administración non tiña absolutamente ningún tipo de implicación en que tiveran unha mellor formación ou posibilidade de desenvolvemento na súa autonomía persoal, unha preguntase que interese se agacha detrás, pero vendo o que está pasando dende o Partido Popular tamén se pregunta, que lle fixeron as viguesas/es, aos dirixentes do Partido Popular de Santiago de Compostela, para castígalos desta maneira porque por un lado ou polo outro, castíganos non colaborando, non participando e intentando pechar un centro que ten demostrado a súa capacidade, implicación e o seu interese por velar polo bo funcionamento e pola vida digna destas persoas que están perfectamente integradas no entorno e nas que hai que recoñecer que os ampara a lei, para que poidan seguir desenvolvendo a súa vida nas mellores condicións posibles.

Dito todo isto, e facendo un pouco unha mirada retrospectiva, unha dáse conta que todo ten que ver cunha posición totalmente ideolóxica e mercantilista, e con iso non se debe xogar.

Primeiro, encárganse de acernar a Lei de dependencia, a partires de aí o que fan é, como di no seu documento o presidente de AGASFRA, o que empeza coa Lei de contratos do sector público, onde se faculta ao concurso público das prazas, sen ter en conta os criterios sociais, sen ter en conta que non todo ten que ser negocio, que o negocio non pode ser a escusa para a atención digna destas persoas.

Creo que dende o grupo Socialista e fundamentalmente dende o Alcalde, dende o primeiro momento estamos ao lado do Centro San Francisco. Propoñemos que a declaración que acaba de ler o Presidente das AGASFRA, sexa a declaración institucional que saia deste Pleno e se lle presenta á Conselleira e ao Presidente da Xunta de Galicia. A proposta de resolución sería o documento íntegro onde piden no punto primeiro “suplicamos que dada a traxectoria do Centro San Francisco”, non só a traxectoria senón a implicación do grupo Socialista, do Partido Socialista, do Alcalde e dos grupo municipais, estaremos, estamos e pelexaremos para que o Centro San Francisco siga funcionando en Vigo, que non se leven ás persoas que teñen eles mesmos, unha non entende como non se pode respectar a decisión tomada por unhas persoas que deciden non, que non queren ir a un centro residencial, que cada un dos centros está deseñado cunhas características e uns profesionais capaces para unhas determinadas aptitudes, pero non capaces para outras, son persoas cunhas discapacidades intelectuais que precisan uns servizos, e que teñen acadadas unha autonomía, que fundamentalmente teñen que ver moito coa rutina, saen da súa casa, non se poden meter nun autobús onde estean durante unha hora ou unha hora e media, depende, para chegar ao seu centro e volver á tarde, hai persoas que viven dentro do Centro San Francisco, hai persoas que van soas, que camiñan soas pola rúa e os que andamos pola zona os saúdamos e formamos parte desa comunidade, non se poden excluír desa comunidade.

Por iso, a proposta é a declaración institucional dos puntos que acaba de presentar o presidente da Asociación San Francisco, que sexa asumida polo Pleno da Corporación, e repito, seguiremos estando ao lado de San Francisco, seguiremos loitando porque se recoñeza o dereito das persoas a súa atención digna onde están, veñen demostrando totalmente que o sitio onde queren estar.

SR. FIGUEROA VILA: Eu non quería entrar en ningunha cuestión de valoración



política, porque o importante son as 76 ou 74 persoas que están en San Francisco que é o que ten que preocuparnos a todos e que creo que todos na dirección que marcamos nos últimos meses estamos a acadar os resultados do obxectivo que perseguíamos, ese resultado é que San Francisco resolva os seus problemas e que as persoas que están en San Francisco poidan ter o problema que teñen na súa vida resolto. E ese é o obxectivo que dende o grupo municipal do Partido Popular acadamos, pero Sra. Abelairas, só dicirlle unha cousa, isto ven dado pola entrada en vigor dunha Lei de servizos sociais no ano 2008 e de Contratos no ano 2009, gobernaban vostedes na Xunta de Galicia, e esta é a única parte política que vou facer, gobernaban vostedes na Xunta de Galicia, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. Houbo que desenvolver esta Lei e ao desenvolver esta Lei loxicamente hai unha normativa que hai que aplicar e ao aplicar esa normativa atopámonos cunha dificultade que vostedes naquel momento non planificaron nin previñeron, e iso deu o resultado que deu.

Pero dito isto, que ao final non deixa de ser unha cuestión puntual de leis, de normas e de aplicación da lei, o que nos ten que preocupar a todos é que San Francisco ten 76 ou 73 persoas, ás que nós temos que adicarlle e prestarlle unha atención especial.

Eu dicía no último Pleno e incluso algúns criticáronme, dicía que o Partido Popular vigués se desmarca de traballo e promete dar a cara polos usuarios de San Francisco, iso foi o que fixemos ata agora dunha maneira silenciosa e calada, sen roldas de prensa, sen comparecencias públicas, fixemos o noso traballo, considerábase que dende Santiago de Compostela se podían facer mellor as cousas, e así llo trasladamos a quen llo tiñamos que trasladar, que tampouco vouno facer público aquí, pero esas vías de comunicación, de camiño que nos enfocamos dende de Vigo deu os seus resultados, e os resultados comezaron por unha última xuntanza moi positiva o venres pasado, onde parece que se van clarificando as cuestións e iso é o que realmente nos interesa, e nós imos seguir traballando nesa dirección, na dirección dende Vigo de presionar para que San Francisco resolva os seus problemas e tódalas familias que están en San Francisco, ese é obxectivo que temos que perseguir nos, todos. Eu dende logo creo que se imos así, vamos no bo camiño todos, porque ao final acadaremos o resultado que queremos. Que queremos? Que esas persoas que están en San Francisco, a vida de

San Francisco de tantos anos ao final forma parte desta cidade, dun sentimento, de moitas familias que están a pasar moi mal e que teñen moitas dificultades, e iso é o que ten que preocuparnos.

Nós non queremos facer disto unha cuestión puramente técnica ou política, poderíamos seguir argumentando coas cuestións puramente legais, pero hai que superalas, a legalidade hai que cumprila pero sempre hai un resquicio onde se pode buscar a saída para que poida resolver os problemas. Eu dende logo estou moi satisfeito da reunión do venres que me trasladaron e creo que agora o que hai é que seguir insistindo de que eses compromisos que se fixeron o venres que se levou a cabo entre a Conselleira e a propia Asociación San Francisco, se cumpran, e se cumpren eses acordos eu creo que San Francisco vai ter futuro na cidade de Vigo, San Francisco non vai ter os problemas que ten agora mesmo, vanse acabar as incertezas e o que se vai a dar é que unha cidade cando está volcada e cando estamos todos na mesma dirección, as cousas se conseguen, ese é obxectivo que nos vimos traballando dende hai moito tempo e sobre todo nun tema social de tanta repercusión como pode ser San Francisco.

Polo tanto, non me gustaría que deste tema saíra unha cuestión polémica senón todo o contrario, suma de esforzos, cooperación, coordinación e que os partidos que podemos facer algo en Santiago de Compostela trasladarllo aos nosos compañeiros que a visión que ao mellor teñen dende alí é totalmente distinta a que hai dende aquí, e nós dende logo como Partido Popular estamos dispostos a seguir sumando e imos seguir sumando e facendo as xestións que sexan oportunas para que San Francisco teña continuidade na cidade de Vigo.

Todos coñecemos a moitas persoas de San Francisco, todos, e polo tanto todos temos unha parte da nosa vida aí, dende hai moitos anos, de visitas, actos, de coñecer ás familias, de ver como van crescendo, de ver como teñen dificultades, etc.

**PRESIDENCIA:** Rematadas as intervencións, señor Presidente da Asociación Galega de San Francisco, quero que lle envíe a tódolos membros da Asociación, ás persoas que están alí atendidas con discapacidade, que ten o apoio total e absoluto deste Pleno, desta cidade e que imos seguir permanentemente na vixilancia de como evolucionan as cousas, as negociacións, as conversas, porque nos non imos

conformar con menos que unha resolución absoluta desta cuestión, que hoxe lle afecta a San Francisco pero mañá lle pode afectar a outra asociación e despois a outra, e polo tanto que lle pode afectar a unha forma de atender a atención de persoas con discapacidade, con diferentes discapacidades e que queremos que se siga facendo como fan vostedes en San Francisco. Ten, polo tanto, o apoio absoluto desta cidade, conten con el, e estamos dispostos a se isto non se resolve, cando vostedes nolo pidan, volver facer outro Pleno extraordinario para que a voz da cidade sega permanentemente sendo escoitada porque non imos pasar por nada que non sexa unha solución satisfactoria da xusta demanda que vostedes fan, no nome de tantas mulleres e homes con discapacidade intelectual, e de tantos traballadoras/es que están facendo unha función fantástica, espléndida, na atención a estas persoas, moitas gracias don Fernández Pérez.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e trinta e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.  
am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.